




PAPEIS

FOLLA INFORMATIVA. ANABAD-GALICIA



II Época, Número 3 Junio - Agosto 1993

EDITORIAL

Cara unha atomización e dispersión na custodia do Patrimonio Documental de Galicia con grave prexuício da Administración, do cidadán e da propia investigación científica e histórica.

Os arquivos son, ante todo, testemuños que aportan información. Por tanto, son de interese primordial para as Administracións creadoras, que atopan neles os antecedentes necesarios para a súa xestión correcta; para os cidadáns, suxeitos de dereitos, deberes e obrigas con respecto ás Administracións e á sociedade e, en último lugar, para a investigación.

A Constitución española de 1978 fala de "acceso dos cidadáns ós arquivos e rexistros administrativos", do "acceso á cultura dos cidadáns e a promoción da ciencia e a investigación científica e técnica" en beneficio do interese xeral (art. 105b, 44.1 e 44.2).

Os Arquivos Históricos Provinciais foron creados por decreto de 16.11.1931, centrando o seu interese nos fondos de protocolos notariais, é dicir, foron concebidos como arquivos históricos, pero disposicións posteriores asignaronlles, ademais, o carácter de xerais e intermedios (D. 24-7-1947, que amplía as competencias a toda a documentación pública da provincia e D. 914/1969, que os faculta para a incorporación de ditos fondos sen apenas límite de reserva, reducida a 15 anos).

Anteriormente, o D. 2-3-1945 de Presidencia de Goberno consagra, tras unha serie de disposicións contradictorias orixinadas en parte por presións do Ministerio de Xustiza, a distinción entre Arquivos Históricos de Protocolos, nas capitais con Colexio Notarial, e os Arquivos Históricos Provinciais, no resto, facendo posible a creación de Arquivos Históricos Locais de Protocolos para confundir aínda máis a situación.

Os fins dos Arquivos Históricos Provinciais, que reflexan a historia territorial e administrativa, consisten en recoller, custodiar e difundir-lo patrimonio documental arquivístico da provincia en favor da sociedade, para o que conta ou debería contar cos recursos humanos e económicos pertinentes a través dos presupostos do Estado e hoxe da Comunidade de Galicia, tras a transferencia da súa xestión a esta última.

A rede de Arquivos Históricos Provinciais de Galicia forma parte do seu sistema arquivístico e está formada polos Arquivos Históricos Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Pero por O.M. de 7-11-1968 (B.O.E. nº23 de 25-11) foi creado o Arquivo Histórico Universitario de Santiago como arquivo local, feito que non ten xustificación posible, pois a súa creación tivo como única finalidade, como xa sinalamos no seu día, atender exclusivamente ó investigador histórico, como un apéndice da actividade docente da Universidade, en prexuício da prioridade que teñen as necesidades da Administración e a dos propios cidadáns.

E preciso sinalar, en primeiro lugar, que o título dado a ese arquivo non é o mais correcto, pois, en principio, trátase do Arquivo da Universidade, que forma unha unidade tanto na súa documentación histórica como na administrativa e de xestión, co cal se limita cronoloxicamente e de xeito artificial a súa competencia, ó designalo como histórico.

En segundo lugar, con esa denominación preténdese crear un arquivo local ou comarcal con funcións semellantes ás dos Arquivos Históricos Provinciais, é dicir, de arquivo xeral e de depósito local, feito que non se cumpre, pois so recolle documentación que poida interesar á Universidade como centro de investigación histórica, descoidando a función que dito arquivo debера desenrolar como arquivo intermedio e xeral. Deste modo recolleu os protocolos, a documentación de Contaduría de Hipotecas, Bens Nacionais e diversos depósitos e adquisicións varias.

En realidade, como expoñiamos xa en 1987, estes fondos deberán ser considerados como unha sección do Arquivo Histórico Provincial correspondente, do que dependería en canto a persoal, organización, e servicios, independentemente do arquivo universitario, co que non ten relación algunha, mais que a que lle concedeu a lei artificialmente.

Hoxe en día, este arquivo local ou comarcal, apéndice do Universitario, constitúe un perigoso precedente, pois co mesmo plantexamento a Universidade Sur de Galicia con campus en Vigo e Ourense, ou a Norte, con campus en Lugo e A Coruña, poderían pretender a creación doutros arquivos locais (notoriamente Vigo que non é capital de provincia, como sucede con Santiago) con competencias sobre a documentación producida na súa respectiva localidade ou comarca.

Creárianse así unha serie de xurisdicións exentas arquivisticamente, que distorsionaría o funcionamento dos Arquivos Históricos Provinciais en canto ós fondos custodiados e en canto á autoridade de que dependen: A Universidade nuns casos e a Consellería de Cultura, no caso dos Arquivos Históricos Provinciais.

Insinuase, claramente, un conflito de competencias en canto a persoal, ós recursos materiais asignables a unha parcelación e dispersión perigosa dos fondos en prexuício fundamentalmente do cidadán.

En 1987 () xa decíamos que o caso do Arquivo Histórico Local de Santiago, agregado á Universidade, e non á inversa, como ocorre en Valladolid e sería o lóxico, non ten explicación mais que a que determinou a súa creación para servir de infraestrutura arquivística ás tarefas de investigación promovidas pola Facultade de Xeografía e Historia.

En realidade, e tal como xa dixemos, debe servir so como depósito ou sección dependente do Arquivo Histórico Provincial de A Coruña, xa que a Administración e os cidadáns son prioritarios con respecto á investigación histórica. Así o entendeu a Administración no caso do Arquivo Histórico Nacional con seccións en Salamanca (Guerra civil) e Toledo (Sección Noblezas, recentemente dotada).

Por outra parte, hai que facer constar que non constitúe un fin da Universidade custodiar unha documentación allea á institución. Iso non é mais ca unha extralimitación pola súa parte e un abandono de competencias por parte da Administración Autonómica.

Os Arquivos Históricos Provinciais son institucións moi ben concebidas, cunha xurisdicción que é preciso respetar, e cunha longa tradición ás súas costas que é necesario potenciar, pero

nunca destruir, espallando os testemuños e a información, as fontes documentais, nunha palabra, dificultando a súa utilización ó usuario.

Olga Gallego, Presidenta de ANABAD-Galicia

RESUMEN DE LA JUNTA EXTRAORDINARIA DE ANABAD-GALICIA

El pasado día 4 de Junio, se celebró la Junta Extraordinaria de la Asociación en la Biblioteca América de la Universidad de Santiago de Compostela. Los asistentes aprobaron los nuevos estatutos de la Asociación, que se remitirán a Madrid para su aprobación definitiva por ANABAD.

Se abordaron los siguientes temas:

CURSOS

Se informó de los cursos que se realizaron en colaboración con la Consellería de Cultura:

- Curso de Planificación de Bibliotecas y Centros de Documentación.
- Seminario de Calidad en Servicios de Información.

impartidos por el Gabinete de Asesores Documentalistas. La Asociación, en un intento de evaluar y ofrecer unos cursos de la máxima calidad, elaboró un cuestionario de evaluación. El resultado ha sido altamente positivo, ya que la calificación final fue de 8,2 para el primero y de 8,5 para el segundo. Ambos cursos han sido una muestra del trabajo que los profesionales debemos llevar a cabo en nuestros centros y el reto que tenemos para implantar los programas de calidad.

El curso de ORGANIZACION, DESCRIPCION, CONSERVACION DE MATERIALES ICONOGRAFICOS Y CARTOGRAFICOS, celebrado entre el 3-7 de Mayo en el Archivo del Reino de Galicia, ha tenido una calificación de 7,5.

En Ourense se clausuró el CURSO DE CATALOGACION Y CLASIFICACION DE MONOGRAFIAS Y PUBLICACIONES PERIODICAS, de 80 h. lectivas y que se celebró en la Biblioteca Pública de esta ciudad.

La celebración de las oposiciones nos obligó a posponer el curso de CATALOGACION DE MATERIALES ESPECIALES y el de INICIACION A LA CATALOGACION Y A LA INDIZACION BIBLIOGRAFICA.

El último curso, INTRODUCCION A LA DOCUMENTACION, se desarrolló entre el 28 de Junio y el 2 de Julio. Se contó con la colaboración del Hospital "Juan Canalejo" que nos ha ofrecido la pantalla de cristal líquido para poder hacer las demostraciones de las búsquedas en CD-ROM.

CURSOS EN COLABORACION CON LA XUNTA DE GALICIA

Varios socios han manifestado su desconformidad con la selección que se llevó a cabo para asistir a los cursos organizados por la Xunta en colaboración con la Asociación. Se acordó que si se considera oportuno seguir colaborando, se firme un CONVENIO como se había hecho en otras ocasiones.

LICENCIATURA DE DOCUMENTACION

Otro de los temas planteados, fue la posible creación de la Licenciatura de Documentación en una de las universidades de Galicia y la desaparición de la especialidad de Biblioteconomía y Documentación que se venía impartiendo en la Facultad de Geografía e Historia de la Universidad de Santiago de Compostela (El Correo Gallego, 11 de mayo de 1992, p. 34).